

**VI. COMENTARIOS AO TEXTO
ARTICULADO DA LEI**

A estrutura do texto articulado da Lei de Orzamentos, respecto aos anos anteriores, incorpora un novo Título baixo a rúbrica de “Corporacións Locais”. A lei aparece, desa forma, dividida en 6 títulos, que a través de 52 artigos inclúen disposicións referentes á aprobación dos orzamentos e ao réxime das modificacións de crédito, aos gastos de persoal, ás operacións de endebedamento e garantía, á xestión orzamentaria, ás corporacións locais, e ás normas tributarias. Engádese a iso o contido de 9 disposicións adicionais e 3 derradeiras, que completan o marco legal que configura os orzamentos do ano 2006.

Mantéñense, como é habitual, as disposicións que constitúen o núcleo esencial e imprescindible dunha lei destas características, así como aquelas outras que teñen demostrado a súa utilidade na ordenación da actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma, introducindo as modificacións que se considera poden contribuír a unha mellor transparencia ou a facilitar unha mais eficaz xestión dos orzamentos e a consecución dos obxectivos perseguidos.

Entre as disposicións deste último grupo poderían mencionarse, como novidades mais destacables, as seguintes.

No Título I inclúese unha serie de normas que liberan dalgunha das limitacións existentes en materia de transferencias de crédito ás que se realicen en favor dos organismos autónomos. Esa excepcionalidade resulta mais ampla no caso do Servizo Galego de Saúde, afectando a distintos supostos que atinxen exclusivamente a súas peculiaridades de estrutura e funcionamento. Nese mesmo Título establécese expresamente que xunto coa comunicación das modificacións de crédito autorizadas ao longo do exercicio, que se remite para control á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento, deberá figurar unha explicación sobre os motivos que as xustifican, así como a súa repercusión sobre os obxectivos dos programas afectados.

A actualización para o ano 2006 das retribucións do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma constitúe a novidade máis importante do Título II, dedicado á regulación dese tipo de gasto. Dentro del merece unha referencia especial o incremento da porcentaxe do complemento de destino aplicable ás pagas extraordinarias dos funcionarios en activo, e tamén debe ser mencionada a manifestación expresa da necesidade de escoitar aos órganos de representación dos traballadores, con carácter previo a aprobación pola Xunta dos criterios obxectivos de reparto que afecten ao complemento de produtividade.

Dentro do Título III, destinado ás operacións de endebedamento e garantía, autorízase o incremento da posición neta debedora da Comunidade Autónoma durante o exercicio de 2006, que se sitúa en 140 millóns de euros, axustado ao cumprimento dos compromisos de estabilidade orzamentaria. Por outra parte mantense o importe máximo autorizado para os afianzamentos por aval, mentres que se amplía o importe dos créditos hipotecarios subrogables, destinados ao financiamento de actuacións en materia de vivenda, que o Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá concertar con entidades financeiras.

Polo que respecta aos distintos aspectos da xestión orzamentaria incluídos no Título IV, merece destacarse a creación dun rexistro público de axudas, convenios e subvencións outorgadas pola Xunta de Galicia, e doutro rexistro, do mesmo carácter, onde quedarán recollidas as sancións administrativas firmes, recaídas en materia de axudas e subvencións. Tamén figura neste Título a actualización para o ano 2006 dos módulos económicos de distribución de fondos públicos para o sostemento de centros concertados.

No Título VI dáse un tratamento agregado, e mais comprensible, ás aportacións realizadas pola Comunidade Autónoma en favor das Corporacións Locais, entre as que non se inclúen, como é lóxico, as correspondentes á participación destas últimas nos tributos do Estado. Como instrumentos de cooperación económica aparecen agrupados os convenios e subvencións, por unha parte, e o Fondo de Cooperación Local, por outra, determinándose,

respecto a este último, a nova porcentaxe de participación dos municipios nos ingresos da Comunidade Autónoma, o mesmo tempo que se establece un novo fondo complementario dotado con 6 millóns de euros.

A modificación das taxas de contía fixa, ademais dalgunhas de tipo variable, constitúe a materia do Título VI, onde tamén introdúcese determinadas modificacións das cotas e tipos de gravame que afectan ás taxas sobre xogos de sorte, envite ou azar.

Finalmente, dentro das Disposicións adicionais, aparecen incluídas materias de índole moi diversa, entre as que merece destacarse o mandato para a elaboración, por parte do goberno galego, dun Plan de Reequilibrio Territorial, concibido como axente activo de desenvolvemento económico integral e de reforzamento da cohesión social, dirixido ás áreas de menor crecemento. O Plan coordinará actuacións sectoriais das distintas consellerías, por un importe mínimo de 150 millóns de euros no ano 2006.

